

**LINGUA GALEGA E LITERATURA II**

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, de 2,5 puntos cada unha, das que a terceira ten posibilidade de elección entre apartados.

**TEXTO**

Non serei eu quen diga que as nosas cantareiras (e o cancionero popular) non merezan homenaxes. Levan séculos creando cultura de nós e ese xa é mérito dabondo para ter o noso recoñecemento eterno. Pero o Día das Letras naceu para outra cousa.

Dou por feito que van odiarme moitos por este artigo pero ao meu entender a Real Academia Galega (RAG) trabucouse profundamente nesta ocasión. **Porque o Día das Letras naceu para recoñecer o traballo autoral de alguén que, dun xeito consciente e constante, elabora unha obra literaria na nosa lingua.** Ese non é o caso das cantareiras nin de lonxe. As que pariron os cantares, as nosas coplas populares, fixérono para cantar e expresar un mundo, pero non estaban facendo unha obra literaria. (...)

Non son quen de comprender, e xúrolles que levo dándolle voltas dende que se coñeceu o nomeamento da RAG, que motivos puideron ter para tomar semellante decisión. Necesitaban dedicarlle o día a mulleres? Pois velaí está Anisia Miranda, por exemplo, que foi moito máis que a señora de Neira Vilas. (...)

A RAG vén facendo un labor magnífico dende hai anos. Mais, neste caso, coido que meteron a zoca. En termos literarios non estaban pensando. Quizais noutras cousas paralelas porque, nun plenario tan dividido como o que hai, cómpre quedar ben con todo o mundo. Pero para nós, para os que non estamos na Academia, esta decisión é incomprendible e, sobre todo, allea por completo aos obxectivos que, dende 1963, ten o Día das Letras Galegas.

Imos cantar un mundo o ano que vén. Ímolo pasar moi ben. Pero a nosa sociedade vai despistarse bastante sobre o que significa «letras galegas».

Castro, Francisco: Adaptado de “A Real Academia trabucouse”. *La Voz de Galicia* (09/07/2024)

**PREGUNTA 1. COMUNICACIÓN. (2,5 puntos)**

**Lea atentamente o texto anterior e responda estes tres apartados:**

**1.1.** Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e sen parafrasear o artigo. Extensión aproximada: 60 palabras. **(1,5 puntos)**

**1.2.** Indique e explique a tipoloxía textual e o xénero discursivo do artigo. **(0,5 puntos)**

**1.3.** De ter que rebater a opinión do autor resaltada en letra grosa no texto, que par de argumentos dos seguintes cinco escollería? Xustifique a resposta. **(0,5 puntos)**

- En 2014 dedicóuselle o Día das Letras Galegas a Díaz Castro, quen non foi un autor constante en galego, pois só publicou unha obra, *Nimbos*.

- En 1775, Frei Martín Sarmiento afirmaba que “en Galicia las mugeres no solo son Poetisas sino también Músicas naturales (...) ellas son las que componen las coplas y ellas mismas inventan los tonos, ó ayres á que las han de cantar”.

- A data de celebración do Día das Letras Galegas escolleuse para homenaxear a publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro; obra na que os poemas se desenvolven a partir dun cantar popular.

- A Real Academia Galega sinala que “O Día das Letras é unha data consagrada á exaltación e promoción da nosa literatura e da nosa lingua. Constitúe, ademais, a meirande conmemoración da nosa cultura”.

- A Asociación Galega da Muller fixo público o seu agradecemento á decisión da RAG porque “era de xustiza este recoñecemento ás mulleres e á poesía popular. Popular porque vén do pobo, da xente, das persoas humildes que aínda sen saber ler nin escribir, posuían o poder da creación e a sensibilidade do fermoso”.

**PREGUNTA 2. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. (2.5 puntos)**

**Responda estes tres apartados:**

**3.1.** A partir das relacións semánticas que se establecen entre as palabras do texto de Francisco Castro achegado (antonimia, sinonimia, polisemia), atope un campo semántico representativo, identifique a súa **palabra clave** e defínala. **(1 punto)**

**3.2.** Analice morfoloxicamente dúas palabras do campo semántico. Segménteas en morfemas e indique a función e o valor de cada un deles. **(1 punto)**

**3.3.** Observe con detalle a viñeta “*Odiadas Letras Galegas*” d’O Carrabouxo e, a partir dela, explique os recursos lingüísticos empregados polo artista e a súa función. **(0,5 puntos)**



**PREGUNTA 3. A LINGUA E OS SEUS FALANTES. (2,5 puntos)**

A partir dos prexuízos evidenciados no artigo e na viñeta, responda un destes dous apartados:

3.1. Escriba un artigo de opinión co título *Trabuouse a Academia?* (2,5 puntos)

3.2. Escriba un artigo de opinión co título *O Día das Letras Galegas ou Odiadas Letras Galegas?* (2,5 puntos)

O texto resultante deberá contar con: introdución, dúas partes, correspondentes a dous argumentos como mínimo, e conclusión. Extensión aproximada: 250 palabras.

**PREGUNTA 4. EDUCACIÓN LITERARIA. (2,5 puntos)**

Lea este poema de Álvaro Cunqueiro que foi obxecto de diferentes versións musicais. Elabore un **comentario literario** que explique o contexto histórico e os seus trazos máis salientables, atendendo á forma (estrofas, métrica, rima, carácter popular ou culto), recursos estilísticos (fónicos, morfosintácticos, léxicos) e contido (tema ou temas, voz lírica, destinatarios). Extensión aproximada: 250 palabras. (2,5 puntos)

No niño novo do vento  
hai unha pomba dourada,  
meu amigo!  
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer  
en fruta de verde olivo.  
Quén poidera namorala,  
meu amigo!

Ten áers de frol recente,  
cousas de recén casada,  
meu amigo!  
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra  
E andar primeiro de río.  
Quén poidera namorala,  
meu amigo!

*Cantiga nova que se chama Riveira (1933), Álvaro Cunqueiro*